

ACTIVIDADES

- Campamentos deportivos de verán 2019 da Deputación da Coruña
- SIMPLEMENTE Economiza. Biblioteca Municipal de Monte Alto
- Campamentos de verán para persoas con discapacidade 2019. Consellería de Política Social
- Programa Esforza Verán 2019. Fundación María José Jove
- Sendeirismo: Carballeira de Brión. Club de Montaña O Carroucho
- Campus de Semana Santa da Agrupación de Montañeros Independientes
- Paseos pola Coruña Literaria: Elviña. Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega
- Axenda de concertos na Coruña

BOLSAS

- Bolsas para participar no programa Campus de profundización científica. Ministerio de Educación e Formación Profesional
- Residencias artísticas INJUVE 2019

CONCURSOS

- VII Premio Internacional de Arte da Fundación María José Jove
- XXIII Concurso de Humor Gráfico "Curuxa do Humor". Concello de Fene
- XI Concurso Fran Pérez "Narf" para Grupos e Artistas Musicais. Deputación da
- Concurso "Balbino" de Relatos. Técnicas & Gramaxe

VARIOS

- Proceso selectivo 147 postos de auxiliares de policía local. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

ACTIVIDADES**Campamentos deportivos de verán 2019 da Deputación da Coruña**

O Concello da Coruña aproba as bases da convocatoria das 28 prazas adxudicadas ao concello nos campamentos deportivos de verán 2019 da Deputación da Coruña.

CANDO: do 30/06/2019 ao 05/07/2019

INSCRICIÓNS: ata o 31/05/2019 ás 14:00 horas, na web do Servizo Municipal de Deportes.

Tamén se poderá facer presencial nas oficinas do Servizo Municipal de Deportes na Cidade Deportiva da Torre, Polideportivo do Barrio das Flores e Palacio de Deportes de Riazor.

(para as solicitudes de prescrición non é necesario presentar ningún documento nin ficha, tan só cubrir os datos na web)

CALENDARIO:

- Listaxe provisional de solicitantes: a partir do 3 de xuño
- Período de alegacións para corrección de erros: do 4 ao 6 de xuño
- Sorteio público: 7 de xuño de 2019 as 10:00 horas no Pazo dos Deportes de Riazor
- Matrícula e formalización de inscricións: 11, 12 e 13 de xuño nas oficinas administrativas do Palacio de Deportes de Riazor, en horario de 8:00 a 13:30 h.

REQUISITOS:

- Idades entre os 9 e 14 anos, cumpridos no 2019
- Imprescindible que as persoas participantes estean empadroadas no Concello da Coruña.

PREZO: 85€, no número de conta que indique a Deputación da Coruña, (só se fará efectivo unha vez confirmada a praza).

MÁIS INFORMACIÓN:**Servizo Municipal de Deportes**

- Cidade Deportiva de Riazor
- Cidade Deportiva da Torre
- Polideportivo Municipal Barrio das Flores

Teléfono de información: 010

Web: www.coruna.gal/deportes

**SIMPLEmente Economiza**

Biblioteca Verde, o espazo de referencia sobre sustentabilidade nas Bibliotecas Municipais da Coruña, preséntache unha nova edición dos encontros participativos mensuais. Continúa o ciclo SIMPLEmente VIVE, con propostas e experiencias que suxiren unha volta aos hábitos de vida simples e naturais e coa presentación de alternativas ao estilo de vida actual.

Este mes tócalle o turno á Biblioteca Municipal de Monte Alto con “SIMPLEmente Economiza”, un encontro participativo sobre economía circular a cargo de Francisco Iglesias, de Ziclos Circular Economy

CANDO: 24/04/2019

HORARIO: 19.00 h

PREZO: entrada libre ata completar capacidade

LUGAR / INFORMACIÓN:**Biblioteca Municipal de Monte Alto**

R/ Vereda do Polvorín s/n, 3ª planta (15002 - A Coruña)

Tel.: 981 184 382

Correo-e: bmontealto@coruna.es

www.facebook.com/bibcoruna

WEB: www.coruna.gal/bibliotecas



ACTIVIDADES

Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade 2019

A Consellería de Política Social convoca campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade. Estadías socializadoras e de convivencia, nun espazo lúdico, humano, integrador, formativo e seguro; mediante o desenvolvemento de actividades dirixidas ao fomento de habilidades sociais, ao contacto coa natureza e o mar, ao coñecemento da propia cultura e á educación para a saúde.

CANDO:

- de 11 a 14 anos:
 - do 15 ao 24 de agosto: Gandarío
 - do 22 ao 31 de agosto: O Carballiño
- de 15 a 18 anos:
 - do 15 ao 24 de agosto: Gandarío
 - do 1 ao 10 de setembro: Panxón
- de 19 a 25 anos:
 - do 1 ao 10 de xullo: Panxón
 - do 5 ao 14 de xullo: O Carballiño
 - do 1 ao 10 de agosto: Gandarío
 - do 29 de agosto ao 7 de setembro: Gandarío
- de 26 a 40 anos:
 - do 1 ao 10 de xullo: Panxón
 - do 1 ao 10 de agosto: Gandarío
 - do 29 de agosto ao 07 de setembro: Gandarío
 - do 5 ao 14 de setembro: O Carballiño



LUGAR: ofértanse 185 prazas no Albergue Xuvenil Gandarío de Bergondo (A Coruña), na Residencia de Tempo Libre de Panxón (Nigrán, Pontevedra) e na Residencia de Tempo Libre do Carballiño (Ourense)

INSCRICIÓNS: ata o 03/05/2019

**descontos: 50% se a persoa ten o título de familia numerosa e 25 % se ten carné xove (estes descontos non serán acumulables en ningún caso)*

REQUISITOS:

- Ter recoñecida unha porcentaxe de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Ter unha idade comprendida entre os 11 e os 40 anos.
- Ter cumprida a idade mínima establecida ao inicio da quenda e non superar a máxima ao seu remate.
- Estar empadroados nalgún concello de Galicia.
- Non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.
- Ter unha mobilidade acorde coas características da instalación que solicita.
- A solicitude, o informe médico e a documentación requirida, presentaranse por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

PREZO: 125 €.

MÁIS INFORMACIÓN:**Consellería de Política Social**

- *D.X. de Maiores e Persoas con Discapacidade*
Edificio administrativo San Caetano, s/n (15781 - Santiago de Compostela)
Tel.: 981 547 437, 981 546 737, 981 544 640
- *Servizo de Dependencia e Autonomía. Xefatura Territorial*
Rúa Concepción Arenal, nº 7-9. (15006 - A Coruña)
Tel.: 881 881 528

Web: politicassocial.xunta.gal

ACTIVIDADES

Esforza Verán 2019

Esforza é un programa da Fundación María José Jove e a Obra Social a Caixa para promover a Actividade Física Saudable entre o colectivo de persoas con diversidade funcional. No verán Esforza oferta 4 actividades no medio natural: Vea, Axuda en Praia, Piragüismo Inclusivo e Sendeirismo Inclusivo, estas dúas últimas destinadas a persoas con e sen diversidade funcional

CANDO: do 25/06/2019 ata o 13/09/2019

- Vea: do 25 de xuño ao 13 de setembro, 6 quendas de 2 semanas de duración de luns a venres de 10 a 12.30 h. ou de 12.30 a 15 h.
- Piragüismo Inclusivo: do 25 de xuño ao 13 de setembro, 6 quendas de 2 semanas de duración de luns a venres de 10 a 12 h. ou de 12 a 14 h. (para persoas con e sen diversidade funcional)
- Axuda na Praia: 2 quendas, 1º quenda en xullo e 2º quenda en agosto (orientada fundamentalmente para persoas cun grao de mobilidade máis reducida)
- Sendeirismo Inclusivo: 2 rutas, a 1ª o 20 de xullo e a 2ª o 24 de Agosto (para persoas con e sen diversidade funcional)

INSCRICIÓNS: do 22/04/2019 ao 06/05/2019 ata as 18.00 h., online a través do "Portal de Inscripcións" de web www.fundacionmariajosejove.org

REQUISITOS:

- Axuda en Praia e Vea: maiores de 8 anos cando de inicie o programa cun grao de discapacidade = ou > ao 33%
- Piragüismo inclusivo:
 - maiores de 8 anos cando de inicie o programa cun grao de discapacidade = ou > ao 33%
 - maiores de 12 anos cando se inicie o programa sen diversidade funcional, que saiban nadar
- Sendeirismo inclusivo:
 - maiores de 8 anos cando de inicie o programa cun grao de discapacidade = ou > ao 33%, que sexan autónomos nas Actividades Básicas da Vida Diaria (ABVD) e que participen cun adulto ao seu cargo
 - maiores de 12 anos cando se inicie o programa sen diversidade funcional


PREZO:

- Matrícula Vea e Piragüismo inclusivo: 20€/quenda por persoa.
- Matrícula Sendeirismo Inclusivo: 5€/ruta por persoa.
- Actividade Axuda en Praia: gratuíta

*consultar nas [Bases](#) as modalidades de gratuidade por renda e desemprego

MÁIS INFORMACIÓN:

Fundación María José Jove
 Polígono da Grela (Edif. Workcenter)
 C/ Galileo Galilei, 6 (15008 - A Coruña)
 Tel.: 981 160 265
 correo-e: info@fundacionmariajosejove.org
 WEB: www.fundacionmariajosejove.org



Verano 2019

- Vela
- Piragüismo inclusivo
- Ayuda en playa
- Sendeirismo inclusivo

Sendeirismo: Carballeira de Brión

O Club de Montaña O Carroucho organiza unha ruta de sendeirismo pola Carballeira de Brión

CANDO: 27/04/2019

INSCRICIÓNS: ata o 25/04/2019, ás 15:00 horas

PREZO:

- Socios: 12€
- Non socios federados: 15€
- Non socios non federados: 17 €

MÁIS INFORMACIÓN:

C.M. O Carroucho

Tel. 618 61 77 99 (de 20h a 22h)

carroucho@carroucho.org

Web: www.carroucho.org



ACTIVIDADES

Campus de Semana Santa da Agrupación de Montañeros Independientes

A Agrupación de Montañeros Independientes organiza un campamento co obxectivo de iniciar aos/ás cativos/as na escalada e outras actividades de montaña. Haberá ademais unha actividade extraordinaria; "unha noite no rocódromo", trátase de durmir en tendas de campaña na sala, para iniciar aos rapaces/as na acampada

CANDO: 15, 16, 17 e 22 de abril,

HORARIO: de 9:30 a 13:30. Haberá posibilidades de máis horario (9:00 a 14:00 e de xantar ata as 16:00).

REQUISITOS:

- Ter entre 6 e 16 anos
- Facer inscrición.

PREZO:

- Socios 75€*
- Non socios 85€*
- Xantar: 36€
- Actividade "Unha noite no rocódromo": 30€ (inclúe almorzós)

*descontó do 50% co 2º irmá/irmán

Os prezos inclúen material necesario e seguro de RC e accidentes

LUGAR / INFORMACIÓN:

Sala de Bloque da AMI

Rúa/ Padre Sarmiento nº 8 baixo izq. 15005 A Coruña.

info@amimontanismo.es

Web: <http://amimontanismo.es>



Paseos pola Coruña literaria, primavera 2019

Paseos pola Coruña literaria é unha iniciativa do Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Coruña e a Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega, consistente na programación dunha serie de paseos pola nosa cidade da man das propias autoras e autores que escribiron obras ambientadas na Coruña

Nº Prazas: 55 para cada paseo

CANDO: próximo paseo, o sábado **27 de abril**, paseo con **Eli Ríos**, "**DX ou a Elviña de 2030**"

HORARIO: ás 12.00 h.

INSCRICIÓN: dende o 15 de abril

PREZO: gratuíto con inscrición previa

REQUISITOS:

- Inscrición previa en cada paseo na conserxería do Centro Ágora ou chamando ao 981 189 888 (a partir das 9 h) ou en lingua@coruna.es
- Maiores de 16 anos

MÁIS INFORMACIÓN:

Centro Ágora

Lugar da Gramela, 17 (15010 - A Coruña)

Tel.: 981 189 888

correo-e: lingua@coruna.es

Web: www.aelg.gal



ACTIVIDADES

Axenda de concertos na Coruña

Programación de concertos destas semanas nas salas de concertos e outros espazos da cidade

Coliseum. R/ Francisco Pérez Carballo 2 (15008 - A Coruña)

www.coruna.gal/cultura

mércores 17 ás 22.00 h.: **REMEMBER QUEEN**. Entradas: desde 30€

Teatro Colón. Avda. da Marina, 7 (15001 - A Coruña)

www.facebook.com/TeatroColonACoruna/

mércores 17 ás 20.30: **ORQUESTA GAOS "Requiem de Mozart"**. Entradas: de 6€ a 14€

xoves 18 ás 20.30 h.: **PABLO CASTAÑO QUARTET FEAT. UGÍA PEDREIRA**. Entradas: 12€

sábado 20 ás 20.30 h.: **SALIF KEITA**. Entradas: de 14€ a 26€

Sala Mardi Gras. Travesía da Torre, 8 (15002-A Coruña)

www.facebook.com/salamardigras

xoves 11 ás 21.30 h.: **LICHIS E RUBÉN POZO**. Entradas: 14€/16€

venres 12 ás 22.30 h.: **SANTI ARAÚJO**. Entradas: 10€/12€

sábado 13 ás 22.00 h.: **ITH + TRAC**. Entradas: 10€

mércores 17 ás 22.30 h.: **EXIT** (entrada libre)

xoves 18 ás 22.00 h.: **THE PRETTY SHIRTS + CLOACA**. Entradas:

venres 19 ás 22.00 h.: **MEUS + TRAVESTI AFGANO + DJ ANALIS**. Entradas:

sábado 20 ás 20.00 h.: **PSYCHODUCKS + THETA WAVES**. Entradas:

Bábá Bar. R/ Pérez Cepeda, 23 (15004 - A Coruña)

www.facebook.com/baba.bar.7

xoves 11 ás 21.30 h.: "Historias de Tango", **DAVID CASTRO E CARLOS LIÑARES**. Entradas: 8€

venres 12 ás 22.00 h.: **MARUJA LIMÓN** (pop, bossa, rumba...). Entradas: 6€

sábado 13 ás 22.00 h.: **THE DAWLINS** (blues/country). Entradas: por determinar

mércores 17 ás 22.00 h.: **ALMA JARANA** (versión). Entradas: 5€

xoves 18 ás 22.00 h.: **VINGTAGE DUO** (pop, jazz, soul). Entradas: 5€

Sala Garufa Club. R/ Riazor, 5 (15004-A Coruña)

www.facebook.com/SalaGarufaClub

xoves 11 ás 22.30 h.: **GARUFA BLUE DEVILS BIG BAND**. Entrada: 12€

venres 12 ás 22.30 h.: **SOULTRACK + invitados**. Entrada: 9€

sábado 13 ás 21.30 h.: **FRANKIE COSMOS**. Entrada: 15€/18€

mércores 17 ás 23.00 h.: **TIMBANA**. Entrada: 10€

xoves 18 ás 21.00 h.: **RADIO OCÉANO**. Entrada: 10€/14€

sábado 20 ás 23.00 h.: **SON DE CAMAGÜEY**. Entrada: 9€

domingo 21 ás 20.00 h.: **ALAMEINN**. Entrada: 10€

A Repichoca. R/ Orillamar, 13 (15002 – A Coruña).

www.facebook.com/arepichoca.orillamar

venres 12 ás 22.30 h.: **JUAN CARBALLO E OS IMPERFECTOS**. Entradas: gratis

Jazz Filloa. R/ Cega, s/n (15003 – A Coruña)

www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club

mércores 10, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **EDDIE GÓMEZ TRIBUTO + Jam**. Entrada: 8€

xoves 11, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **AURORA**

ARTEAGA QUARTET. Entrada: 9€

mércores 24, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **VÍCTOR**

PRIETO & ABE RÁBADE. Entrada: 12€

Playa Club. Plataforma de Riazor s/n (15011 - A Coruña)

<http://playaclub.club/programacion>


sábado 20 ás 22.00 h.: **SICK OF IT ALL + GOOD RIDDANCE**. Entradas: 20€

Sala INN-Club. Avda. do Porto, 3 (15003 – A Coruña).

www.facebook.com/salainnclub

sábado 13 ás 21.30 h.: **BURNING**. Entradas: 25€/30€





BOLSAS

Bolsas para o programa Campus de Profundización Científica

O Ministerio de Educación e Formación Profesional convoca bolsas para participar no programa Campus de profundización científica para estudantes de Educación Secundaria Obrigatoria en Soria.

CANDO: o Campus desenvolverase en 2 quendas, de 40 estudantes cada un, que terán lugar:

- 1ª quenda: do 3 ao 11 de xullo de 2019
- 2ª quenda: do 15 ao 23 de xullo de 2019

INSCRICIÓNS: ata o 25/04/2019 na web do [Ministerio de Educación e FP](http://www.educacionyfp.gob.es)

REQUISITOS:

- Estudantes que no curso escolar 2018/2019 estean a cursar ensinos de 4º curso de ESO, en centros educativos españois sostidos con fondos públicos.
- Que obtivesen unha nota media no curso 2017/2018 superior ou igual aos 9 puntos.
- Que durante o curso 2018/2019, estean a cursar as seguintes materias: Matemáticas orientadas aos ensinos académicos, Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía.

DOTACIÓNS:

- A bolsa cobre a matrícula no campus, materiais, actividades, aloxamento, asistencia por persoal e manutención do alumnado que contarán, así mesmo, cun seguro de accidentes e responsabilidade civil.
- O traslado desde os lugares de orixe ata o Campus, e viceversa, será por conta dos/as participantes.

MÁIS INFORMACIÓN:

Ministerio de Educación e Formación Profesional

Los Madrazo, 15 (28014 - Madrid)

Tel.: 910 837 937


Tel. de información 060

Web: www.educacionyfp.gob.es

PUBLICACIÓN: [BOE 05/04/2019](http://www.boe.es) (extracto)

Base de Datos Nacional de Subvencions:

[BDNS\(Identif.\):447331](http://www.bdns.gob.es)



Residencias artísticas Injuve 2019

O INJUVE lanza o programa de Residencias Artísticas “*Contar o que facemos, facer o que contamos*” dirixido a artistas menores de 30 anos co reto de producir un proxecto en torno ao tema “*Que sede!*”

CANDO:

- Período de produción: do 1 ao 31 de xullo
- Período exposición: do 1 de agosto ao 19 de setembro

LUGAR: na Sala Amadís (C/ José Ortega y Gasset 71, Madrid)

INSCRICIÓNS: ata o 23/04/2019

REQUISITOS:

- Creadores/as entre 18-30 anos, con nacionalidade española ou residencia legal en España, con interese en poñer en marcha un proxecto artístico na Sala Amadís
- Pódense presentar artistas individuais e colectivos de artistas.

DOTACIÓNS:

- O INJUVE contratará un máximo de 4 proxectos artísticos
- Orzamento máximo de 2.000€ (impuestos incluídos)
- Os honorarios dos artistas non supoñerán máis do 70% do orzamento

MÁIS INFORMACIÓN:

INJUVE

C/ José Ortega e Gasset, 71 (28006 - Madrid)

Tel.: 91 782 78 26

Correo-e: creacioninjuve@injuve.es

Web: www.injuve.es/creacionjoven/noticia/residencias-artisticas-injuve-2019



CONCURSOS**VII Premio Internacional de Arte Fundación María José Jove**

A Fundación María José Jove convoca o VII Premio Internacional de Arte Fundación María José Jove no que poden participar persoas de ata 40 anos, calquera que sexa a súa nacionalidade ou residencia.

INSCRICIÓN: rexistro on-line das obras do 18 de febreiro ao 15 de abril, e envío físico das obras preseleccionadas, do 10 ao 20 de maio de 2019

**entre os días 2 e 8 de maio, comunicárase aos preseleccionados, vía teléfono ou correo electrónico, a confirmación para o envío físico das obras.*

REQUISITOS:

- Os artistas deberán presentar as obras previamente vía on-line. Para iso deberán cumprimentar un boletín de inscrición accesible na web www.fundacionmariajosejove.org. O participante deberá achegar a/s imaxe/s da obra en .jpg e en alta resolución (300 ppp) para formato A4. Cada participante poderá presentar de 1 a 2 obras. Nese caso, necesitarase unha inscrición individualizada de cada obra.
- premio ofrece total liberdade en canto a temáticas e disciplinas de presentación. Con todo, nas disciplinas de pintura, escultura e fotografía, establécense uns formatos mínimos de 60 cm. e máximo de 250 cm., nalgunha das súas dimensións.

Premios:

12.000 € para a obra gañadora, que pasará a formar parte da Colección de Arte Manuel Jove, e editarase unha monografía que analizará a traxectoria e obra do artista galardoado

9.000 €, a empregar segundo criterios da Fundación María José Jove, como fondo de adquisición de obras para a Fundación María José Jove.

MÁIS INFORMACIÓN:

Fundación María José Jove

Rúa/ Galileo Galilei, 6 (15008 - A Coruña)

Tel.: 981 260 256

info@fundacionmariajosejove.org

Web: [Convocatoria e bases completas](#)

**PREMIO
INTERNACIONAL
DE ARTE
FMJJ/2019**

XXIII Concurso de Humor Gráfico "Curuxa do Humor"

O Concello de Fene convoca o XXIII Concurso de Humor Gráfico "Curuxa do Humor 2019".

INSCRICIÓN: até as 23:59 h. do 31/05/2019

REQUISITOS:

- Establécense 2 categorías de participación: a) CURUXA: persoas maiores de 25 anos residentes no Estado español. b) - CURUXA-NOVA: persoas de 16 a 25 anos residentes no Estado español (os/as menores de 25 poderán participar na CURUXA, o que implica renunciar á categoría CURUXA NOVA)
- Poderase presentar un só debuxo, de temática libre pero de humor gráfico nas súas modalidades: texto ilustrado, viñeta, cómic (máximo 1 páxina). As obras deberán ser de creación propia e inédita.
- Presentarase en papel, mesmo os traballos realizados dixitalmente (impresión de alta calidade).
- A dimensión máxima do debuxo será de 29,7x42 cms (A3). Non se admitirán fotocopias nin gravados.
- Os traballos deberán estar redactados en galego. Tamén se admitirán en calquera das linguas oficiais do Estado (castelán, catalán, euskera) aínda que, neste caso, o/a autor/a deberá achegar xunto coa documentación requirida nas Bases, a tradución ao galego do texto do debuxo.

PREMIOS:

- CURUXA (+25 anos): 1º premio: 2.000€ / 2º premio: 1.500€

- CURUXA-NOVA (16-25 anos): 1.º premio: 1.000€ / 2.º premio: 500€

MÁIS INFORMACIÓN:

Concello de Fene

R/ Alcalde Ramón Souto González, s/n (15500 - Fene)

Tfno.: 981 492 707

Web: <http://fene.galpremios-curuxa>

Publicación: [BOP 01-03-2019](#)

*Arquivo: [Bases completas \(114 KB\)](#)

PREMIO CURUXA



CONCURSOS

XI Concurso Fran Pérez "Narf" para Grupos e Artistas Musicais

A Deputación da Coruña convoca este concurso coa intención de difundir, apoiar e promocionar os grupos e artistas musicais das diferentes comarcas e localidades galegas, así como para lembrar e difundir socialmente a figura e a obra do músico, compositor para espectáculos musicais e teatrais e dinamizador cultural, que foi o cantante Fran Pérez "Narf"

INSCRICIÓN: ata o 15/05/2019 ás 14:00 h

REQUISITOS:

- Poderá participar calquera grupo ou artista musical galego ou residentes en concellos galegos, do ámbito da música pop e variantes (folk, rock, rap, reggae...), que non fosen premiados nos cinco anos naturais anteriores do concurso.
- As solicitudes presentaranse no modelo normalizado dispoñible na web: www.dacoruna.gal ou no Rexistro Xeral da Deputación.
- Co impreso enviarase a seguinte documentación: 1) Relación de compoñentes do grupo e instrumentos. 2) Certificado ou volante de empadramento en calquera concello galego. No caso dos grupos, deberán presentalo, polo menos, un terzo dos seus compoñentes. 3) Descrición das súas necesidades técnicas, de montaxe e plano do escenario. 4) Breve biografía do/a artista ou grupo. 5) Informe fotográfico e de prensa. 6) CD ou traballo discográfico, cun un mínimo de 4 temas orixinais e compostos polo/a artista ou grupo; se o CD tivese máis de 4 temas, indicárase os que sexan orixinais.

PREMIOS:

- 1.º premio: 3.000 €
- 2.º premio: 2.000 €
- 3.º premio: 1.500 €
- 4.º e 5.º premio: 1.000 €

MÁIS INFORMACIÓN:

Deputación Provincial da Coruña

Avenida Porto da Coruña, 2 (15003 - A Coruña)

Tfno: 981 080 319

Correo-e: deputacion@dacoruna.gal

Web: <https://www.dacoruna.gal/cultura/premios>

PUBLICACIÓN: [BOP 15-03-2019](#)



Concurso "Balbino" de Relatos

Técnicas & Gramaxe co apoio da S.X de Política Lingüística, da Consellería de Cultura, da Fundación Xosé Neira Vilas, dos concellos de Vila de Cruces e Boqueixón e da Deputación de Pontevedra convocan o IV Concurso Balbino de Relatos

INSCRICIÓN: ata o 29/06/2019

REQUISITOS:

- Persoas de calquera nacionalidade e idade que presenten os seus traballos escritos en lingua galega e que terán como motivación temática o rural, o mar e a emigración
- Os textos serán orixinais, inéditos e de autoría propia.
- Os textos terán unha extensión mínima de 100.000 caracteres con espazos e máxima de 180.000.
- O envío poderá ser por mail ou correo postal. Será imprescindible enviar por correo ordinario e en sobre pechado os datos persoais

PREMIO: 1.500 € + publicación da obra premiada por Edicións Fervenza.

MÁIS INFORMACIÓN:


Técnicas & Gramaxe, SL

Rúa Santa Olaia, 18 (36540 - Silleda, Pontevedra)

concursobalbino@gmail.com

www.tecgrama.com

Web: [Bases completas](#)



VARIOS**Proceso selectivo 147 postos de auxiliares de policía local**

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza convoca proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de 147 postos de auxiliares da policía local, e e a creación da lista de colaboración para a súa contratación nos seguintes concellos:

- | | |
|-----------------------------|----------------------------|
| ○ A Cañiza: 1 | ○ Redondela: 6 |
| ○ A Estrada: 4 | ○ Rianxo: 1 |
| ○ A Fonsagrada: 1 | ○ Salceda de Caselas: 2 |
| ○ A Guarda: 2 | ○ Sanxenxo: 33 |
| ○ A Pobra do Caramiñal: 4 | ○ Sarria: 4 |
| ○ Barbadás: 2 | ○ Tomiño: 1 |
| ○ Bergondo: 2 | ○ Valdoviño: 2 |
| ○ Betanzos: 4 | ○ Vilagarcía de Arousa: 15 |
| ○ Bueu: 8 | ○ Barco de Valdeorras: 2 |
| ○ Carballiño: 6 | ○ Poio: 4 |
| ○ Cedeira: 4 | ○ A Illa de Arousa: 2 |
| ○ Malpica de Bergantiños: 2 | ○ Xinzo de Limia: 2 |
| ○ Marín: 4 | ○ Pontareas: 6 |
| ○ Meaño: 1 | ○ Grove: 4 |
| ○ Melide: 2 | ○ A Laracha: 3 |
| ○ Negreira: 2 | ○ Soutomaior: 1 |
| ○ Nigrán: 4 | ○ Cangas: 2 |
| ○ Ortigueira: 2 | ○ Oleiros: 6 |



INSCRIPCIÓN: ata o 17/04/2019

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na [Sede electrónica: procedemento PR461A](#)

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

REQUISITOS:

- Ser español ou nacional dun estado membro da UE, nos termos previstos no artigo 57 da Lei do Estatuto básico do empregado público.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto.
- Ter cumpridos os 18 anos e non exceder da idade máxima establecida no artigo 53.1.c) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.
- Título de graduado en ESO ou equivalente.
- Ter unha estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

MÁS INFORMACIÓN:

Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP)

Avenida da Cultura, s/n (36680 - A Estrada, Pontevedra)

Tel.: 886 20 61 10

correo-e: formacion.agasp@xunta.gal

<http://agasp.xunta.gal>

PUBLICACIÓN: [DOG 03/04/2019](#)